

MEMORIA XUSTIFICATIVA

AMPLIACIÓN EOI de Ourense. Xustificación da necesidade.

I.1 Os datos de matrícula na EOI.

A Escola Oficial de Idiomas de Ourense creada no ano 1987, imparte na actualidade os idiomas alemán, francés, galego, italiano, portugués e, dende o curso 2012-13, impártese tamén o idioma chinés.

Segundo informe motivado do servizo de inspección provincial, *O estudo de idiomas conta cunha importante demanda por parte do alumnado. Durante o último curso 2014-2015 o número total de alumnado oficial matriculado na EOI de Ourense foi de 2441. Ao alumnado oficial hai que engadir o alumnado Thats English, o alumnado dos cursos CALC (cursos de actualización lingüística e comunicativa dirixidos ao profesorado que quere acreditar a súa formación en idiomas para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos) e o alumnado dos cursos de Linguaxe Administrativa Galega e dos cursos CELGA.*

Na actualidade impártese os niveis básico, intermedio e avanzado de todos os idiomas, agás o chinés, que se irá implantando paulatinamente. Na seguinte táboa recóllese a evolución do alumnado presencial dos cursos ordinarios dende o ano 2009/2010:

EVOLUCIÓN DA MATRÍCULA NO CENTRO:

Cód. Centro	Nome Centro	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015
32016081	EOI de Ourense	2462	2720	3016	3271	3408	3277

I.2. Xustificación da necesidade.

Segundo informe motivado do servizo de inspección provincial, *tendo en conta o incremento no número de alumnado, así como a implantación do idioma chinés e dos niveis C1 en varios idiomas na EOI de Ourense, e coa finalidade de atender correctamente a demanda da cidadanía de Ourense no relativo á aprendizaxe de idiomas, considérase a necesidade de valorar a ampliación desta escola para un número de 6 aulas, garantindo un mínimo de 30 postos por aula.*

I.3. Descrición da actuación.

Segundo o proxecto técnico, o programa para a ampliación e reforma, consta do incremento de dúas aulas en planta primeira e segunda, e dun novo salón de actos na planta baixa., reformando o actual salón de actos para dúas aulas máis. Total, seis novas aulas e un salón de actos.

Se prevé no testeiro suroeste do edificio unha saída de emerxencia ao xardín anexo a través dunha nova escaleira exterior e rampla.

Na planta semisoto proxectase a situación dun novo almacén, vestíbulo de independencia, sala de caldeiras e depósito de combustible, así como un cuarto para o grupo de presión e o depósito de incendios.

A ampliación proxectase cumprindo as prescricións do Código Técnico da Edificación.

A superficie útil ampliada é de 481,84 m² útiles, con 6 novas aulas de entre 44 m² e 49 m², aseos, almacén e cuartos de instalacións, así como salón de actos dunha superficie de 113,91 m².

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2016

O secretario xeral técnico,

Jesús Oitavén Barcala